

**Ao Departamento Territorial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente e Cambio
Climático**

Asunto: Alegacións ao ACORDO do 23 de outubro de 2024, do Departamento Territorial de Lugo, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción e o estudo de impacto ambiental do proxecto de execución do parque eólico de Montelora e da súa infraestrutura eléctrica de evacuación, nos concellos de Láncara, Baralla, Castroverde e Baleira (expediente IN408A 2017/009) , DOG Núm. 215, de 7 de novembro de 2024

Dona _____, con DI _____, actuando en nome propio e en representación de _____, con enderezo a efectos de notificación _____, municipio de _____ provincia de _____, polo presente comparece ante esa administración e, como mellor proceda en Dereito, DI

I. Que no DOG Núm. 215, de 7 de novembro de 2024, sométese a información pública solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, e o estudo de impacto ambiental do proxecto de execución do parque eólico Montelora, nos concellos de Láncara, Baralla, Castroverde e Baleira (expediente IN408A 2017/009) .

II. Que, en tempo e forma, polo presente e en relación co aludido anuncio, procédense a evacuar as seguintes ALEGACIÓNS

PRIMEIRA.- Acerca do desenvolvemento anárquico e á marxe de avaliación ambiental estratéxica do sector eólico en Galiza.

A Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, recolle no seu preámbulo que a avaliación ambiental resulta indispensable para a protección do medio ambiente. Facilita a incorporación dos criterios de sostibilidade na toma de decisións estratéxicas, a través da avaliación dos plans e programas. E a través da avaliación de proxectos, garántese unha adecuada prevención dos impactos ambientais concretos que poidan xerar, o tempo que establece mecanismos eficaces de corrección ou compensación.

Pola súa banda, a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, recolle no seu artigo 6, sobre o “ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica”, a seguinte previsión normativa:

“1. Serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans e programas, así como as súas modificacións, que se adopten ou aproben por unha Administración pública e cuxa elaboración e aprobación veña esixida por unha disposición legal ou regulamentaria ou por acordo do Consello de Ministros ou do Consello de Goberno dunha comunidade autónoma, cando:

a) Establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental e se refiran á agricultura, gandería, silvicultura, acuicultura, pesca, enerxía, minería, industria, transporte, xestión de residuos, xestión de recursos hídricos, ocupación do dominio público marítimo terrestre,

utilización do medio mariño, telecomunicacións, turismo, ordenación do territorio urbano e rural, ou do uso do solo (...)”.

Partindo da base das disposicións citadas, entendemos que a falta de sometemento a unha avaliación ambiental estratéxica de todo o conxunto do desenvolvemento eólico galego (o recollido na Planificación Eólica de Galiza dependente da Administración Autonómica, e o que se desenvolve de modo independente a través da Administración Xeral do Estado), implica non só que non se cumpran os requisitos previstos na normativa interna aplicable, senón tamén os que se derivan das seguintes normas do dereito da Unión Europea:

- Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de decembro de 2011, relativa a avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente. (DOUE L 26 /1 de 28.01.2012)
- Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de maio de 2003, pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co medio ambiente e pola que se modifican, no que se refire a participación do público ó acceso a xustiza, as Directivas 85/337/CE e 96/61/CE do Consello.
- Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de xuño de 2001 relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. (DOCE nº L 197/30, 21-07-01)

Esta escandalosa falta de avaliación ambiental estratéxica da planificación eólica en Galiza, á súa vez, deriva “nunha incidencia negativa no funcionamento do sistema” e en “inseguridade xurídica”. A este respecto, o artigo 53.7 da Lei sector eléctrico, reza como segue:

A) O sistema (referido á produción eólica planificada nun territorio) hai que entendelo coma un todo non fragmentado en partes sometidas a avaliacións ambientais independentes”.

Fronte a este deber ser, os feitos son que, en definitiva, a actual expansión eólica, suma da parte que promove a Administración Xeral do Estado e a que desenvolve a Administración Autonómica (a través do Decreto 302/2001), nin no seu conxunto, nin por separado, se ten sometido a dito proceso de avaliación coma Plan conxunto, conforme o disposto no artigo 6 da Lei 21/2013.

En fin, a falta de avaliación ambiental da planificación eólica en Galiza, alén diso e alén de equiparar a esta Comunidade Autónoma ao terceiro mundo en termos de sostibilidade e conservación da natureza, vai en contra da previsión de seguridade xurídica prevista na Lei 21/2013. Esa norma, no seu preámbulo, sinala que *“así mesmo, esta lei incrementa a seguridade xurídica dos promotores. O establecemento duns principios aos que debe someterse a avaliación ambiental e o chamamento á cooperación no marco da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente determinará o desenvolvemento dunha lexislación homoxénea en todo o territorio nacional, que permitirá aos promotores coñecer de antemán cales serán as exixencias legais de carácter medioambiental requiridas para a tramitación dun plan, un programa o un proxecto, con independencia do lugar onde pretenda desenvolverse”*.

Descoordinación de infraestruturas eléctricas. Incumprimento de normativas técnicas

Cómpre denunciar a descoordinación da infraestrutura proxectada en relación con outras existentes ou que iniciaron a súa tramitación previamente, o que constitúe un claro exemplo da falta real de


planificación que preside a choiva de proxectos de xeración de enerxía eólica que se están a presentar actualmente.

Neste senso, cómpre advertir que 5 dos aerogeradores incumpren o apdo. 5.12.4 da Instrución Técnica Complementaria ITC-LAT 07, aprobada por Real Decreto 223/2008, a cal establece que <<Por motivos de seguridade de las líneas eléctricas aéreas de conductores desnudos, **no se permite la instalación de nuevos aerogeneradores en la franja de terreno definida por la zona de servidumbre de vuelo incrementada en la altura total del aerogenerador, incluída la pala, más 10 m.**>>.


Esto determina que todos os aerogeradores se deban separar unha distancia mínima de 233 metros (154 m. de buxe + 69 m. de pa + 10 m) do límite da zona de servidume de voo de calquera das liñas de alta tensión existentes nesta área xeográfica, non cumpríndose tal limitación nos seguintes casos:

- o aerogerador L9-03 non garda a referida distancia respecto dunha liña de distribución de 20 kV (segundo as nosas informacións liña identificada co nº 2507, propiedade de UDF).
- o aerogerador L9-04 non garda a referida distancia respecto de 2 liñas de distribución de 20 kV (segundo as nosas informacións liñas identificadas cos nº 2507 e 2509, propiedade de UDF).
- os aerogeradores L9-06, L9-07 e L9-08 non gardan a referida distancia mínima respecto da denominada “LAT 220 kV SET PE CHAO DO MARCO-SE BELESAR (REE) E SEC SOILÁN”, (expte. IN408A 2020/163).

Ditas eivas pódense apreciar nas figuras seguintes:




Incumprimento de distancias de seguridade dos aerogeradores L9-06, L9-07 e L9-08. Esc. 1:1000



Incumprimento de distancias de seguridade dos aerogeradores L9-03 e L9-04. Esc. 1:1000

Outro exemplo da falta dunha planificación coordinada é o conflito que podemos apreciar na figura da dereita, -enmarcado en vermello-, entre a traza da LAT proxectada para evacuar a enerxía do P.E. Montelora (en rosa na figura) e a traza da LAT de 132 kV tramitada previamente para evacuación doutros parques eólicos próximos (Serra da Lagoa, Navallos, Reboiro,...) -expte. IN408A/2020/117-, en azul na figura, facéndose pasar un dos condutores da LAT do PE Montelora polo medio do apoio 11 da outra liña.



SEGUNDA.- Sobre o incumprimento do Plan Sectorial Eólico de Galicia

O parque eólico Montelora non respecta os criterios de emprazamento establecidos na planificación eólica.

O Plan Sectorial Eólico de Galicia (PSEGA), no seu Capítulo IV (“Criterios de deseño”), apdo. 4.1, establece como primeiro criterio que *<<O emprazamento dun parque eólico debe de estar próximo aos centros de consumo ou ben a unha liña de alta ou media tensión para que de esta forma a lonxitude da liña de interconexión sexa mínima, reducindo as perdas de enerxía no transporte e o custo global de instalación.>>*

No presente caso, resulta evidente o afastamento do parque en relación co punto de conexión coa rede de distribución existente (na subestación do parque eólico Serra do Punago), o que obriga a prever unha liña de evacuación de nada menos que 17,5 quilómetros de lonxitude.

TERCEIRA.- Acerca da complexidade técnico-xurídica do presente procedemento e da feble posición dos particulares afectados a respecto dos seus dereitos de participación no mesmo.

Ao proxecto de implantación de parque eólico que é obxecto do presente trámite de información pública, e en particular ao seu estudo de impacto ambiental e á súa autorización administrativa previa, resúltalle aplicable un corpo normativo que excede o propio ámbito do Dereito interno, autonómico ou estatal. Sen ánimo de exhaustividade, resultan de aplicación, entre outras, as seguintes normas:

-Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

-Convenio Europeo da Paisaxe, establecido en Florencia o 20 de outubro de 2000.

-Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

-Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

-Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

-Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Modificada por Lei 7/2018, do 20 de xullo, Lei 33/2015, do 21 de setembro e Real Decreto 1015/2013, do 20 de decembro, entre outras disposición.

-Real Decreto 1432/2008, do 29 de agosto, polo que se establecen medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

-Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.

-Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas. Modificado por Orde TEC/596/2019, do 8 de abril, Orde AAA/1351/2016, do 29 de xullo, Orde AAA/1771/2015, do 31 de agosto e Orde AAA/75/2012, do 12 de xaneiro.

-Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

-Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

-Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.

-Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes.

-Lei 9/2018, do 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

-Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

-Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

-Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créanse o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Entre a sociedade, e nomeadamente entre as persoas directamente afectadas polo desenvolvemento eólico, existe unha grande preocupación no modo no que este tipo de enerxía está a experimentar unha expansión que resulta irracional e desproporcionada, á vista do grande número de proxectos que se están a tramitar, tanto pola Administración Autonómica coma pola Administración Xeral do Estado.

Porén, ter cumprimentado o mencionado trámite non pode levarnos a concluír, nin moito menos, a plena satisfacción dos dereitos da veciñanza á participación nos asuntos públicos. A lista de normativa á que acabamos de referirnos pon de manifesto, ben ás claras, as dificultades inherentes a poder formular e presentar unhas alegacións argumentadas fronte a un proxecto tecnicamente moi complexo e voluminoso nun prazo de 30 días hábiles. O proceso de implantación destas enerxías limpas, xa que logo, semella consistir nunha dinámica na cal quen pretende implantar o proxecto dispón dunha lexislación feita á súa medida, alén de plenitude de medios técnicos e económicos, e fronte esa parte, a contraparte nin dispón de medios económicos, nin dispón de coñecementos, nin dispón de normativa que ampare a súa posición. Xa que logo, enténdese oportuno deixar constancia de tan inxusto nivel de desigualdade.

CUARTA.- Consideración xeral sobre o carácter estritamente mercantil do proxecto eólico de referencia, a súa escasa ou nula incidencia positiva na loita contra o cambio climático e as externalidades negativas derivadas da súa execución.

O proxecto obxecto das presentes alegacións, tal e como se atopa exposto, configúrase como un proxecto industrial de grandes dimensións, orientado unicamente ao reforzo do sistema oligopolístico de xeración de enerxía. Tal proxecto non se basea nunha planificación orientada ao aumento da eficiencia enerxética e ao aforro no seu consumo, nin tampouco ao fomento do autoconsumo e a produción en proximidade.

Non cabe, xa que logo, considerar que o proxecto de referencia é unha contribución positiva para a loita contra o cambio climático. Contrariamente, supón unha perda significativa de superficie natural e un grave deterioro dos valores ambientais e servizos ecosistémicos, de tal maneira que os posibles beneficios da implantación da enerxía eólica quedan invalidados polas afeccións globais aos sistemas naturais, causada pola inxente demanda de materiais para a súa construción, ocupación do terreo, aumento de viais e accesibilidade a zonas sensibles, ocupación integral de montes veciñais en man común que son de utilidade pública, mortalidade e perda de hábitat para as especies e que son chave na loita contra o quecemento global e aparición de efectos ecolóxicos negativos en cadea. A todo o cal debe engadirse o incremento de risco que se derivará en materia de incendios forestais, dadas as dificultades que para a súa extinción se xerarán pola dimensión física dos aeroxeradores a empregar, e os efectos que este proxecto pode ter nos recursos hídricos dispoñíbeis e para abastecemento da poboación nun contexto climático crítico no que auga pasa a ser un ben escaso e valioso.

QUINTA.- Sobre a non adecuación do proxecto á “Zonificación ambiental para enerxías renovables: Eólica e Fotovoltaica”, definida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

O Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, cuxa versión final foi adoptada polo Acordo do Consello de Ministros do 16 de marzo de 2021, non establece ningún mecanismo de planificación territorial. No seu lugar, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, elaborou unha ferramenta que permite identificar as áreas do territorio nacional que presentan maiores condicionantes ambientais para a implantación de proxectos eólicos e fotovoltaicos, mediante un modelo territorial que agrupa os principais factores ambientais, cuxo resultado é unha zonificación da sensibilidade ambiental do territorio. O proxecto do PE que nos ocupa ten situados todos os aeroxeradores e a poligonal en zonas de máxima sensibilidade ambiental e, por tanto, con indicadores de exclusión da enerxía eólica. Neste caso, os indicadores que convidan a excluír a zona de proxectos eólicos son a súa inclusión dentro dunha Reserva da Biosfera e a existencia de numerosos núcleos de poboación moi próximos.

SEXTA.- Sobre a colisión frontal do proxecto eólico de referencia cos obxectivos da Estratexia da UE sobre a biodiversidade.

Na Comunicación da Comisión Europea ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións sobre a estratexia da UE sobre a biodiversidade de aquí a 2030 (Bruxelas, 20.05.2020, COM(2020) 380 final) pódese ler o seguinte:

Investir na protección e recuperación da natureza será tamén fundamental para a recuperación económica de Europa tras a crise da COVID-19. Cando a economía volva poñerse en marcha, é fundamental non retroceder e evitar quedar atrapados en vellos hábitos prexudiciais. O Pacto Verde Europeo —a estratexia de crecemento da UE— serviranos de compás na recuperación e garantirá que a economía estea ao servizo das persoas e a sociedade e devolva á natureza máis do que lle quita. A protección da biodiversidade está totalmente xustificada desde o punto de vista económico. A industria e as empresas dependen de xenes, especies e servizos ecosistémicos como insumo crítico para a produción, en particular de medicamentos. Máis da metade do PIB mundial depende da natureza e dos servizos que esta presta, e tres dos sectores económicos máis importantes, a saber, a construción, a agricultura e os alimentos e bebidas, son fortemente dependentes dela. Para que, de aquí a 2030, se vaia recuperando a biodiversidade, debemos reforzar as medidas de protección e recuperación da natureza. Isto debe facerse mellorando e ampliando a nosa rede de espazos protexidos e desenvolvendo un ambicioso Plan de Recuperación da Natureza da UE.

Polo ben do noso medio ambiente e da nosa economía, e para apoiar a recuperación da UE tras a crise da COVID-19, temos que protexer a natureza con máis empeño. Neste sentido, na UE deben estar protexidos polo menos o 30 % da superficie terrestre e o 30 % da mariña. Isto representa unha superficie adicional respecto á actual de polo menos un 4 % de espazos terrestres protexidos e un 19 % de espazos mariños. O obxectivo axústase plenamente ao que se está propoñendo no marco mundial para a diversidade biolóxica despois de 2020.

Neste contexto, debe prestarse unha atención especial aos espazos que teñan un altísimo valor ou potencial en canto a biodiversidade, xa que son os máis vulnerables ao cambio climático e requiren coidados particulares en forma de protección estrita. Na actualidade, só o 3 % dos espazos terrestres e menos do 1 % dos mariños gozan dunha figura de protección estrita na UE. Temos que facer máis e mellor por protexer eses espazos. Neste sentido, debe protexerse estritamente polo menos unha terceira parte dos espazos protexidos, o que representa un 10 % da superficie terrestre da UE e un 10 % da mariña. Isto tamén está en consonancia co que se propuxo como ambición mundial.

Parece evidente que a desordenada proliferación de proxectos eólicos e fotovoltaicos que se está observando ao longo de todo o territorio español, está a poñer en xaque calquera obxectivo de conservación da biodiversidade xa que, tal e como reconece o propio PNIEC, a implantación das enerxías renovables, debido aos seus especiais requirimentos de ocupación do territorio representa “unha das transformacións cuantitativamente máis relevantes que introduce o PNIEC en materia de xeración eléctrica”.

É por iso, que proxectos como o do parque eólico que se somete a información pública, resultan especialmente lesivos, tanto pola profunda transformación que implica para áreas de alto valor ecolóxico, como por significar un obstáculo de primeira orde para tentar lograr uns obxectivos de conservación coherentes coa estratexia de biodiversidade da UE.


Debemos facer fincapé en que a paupérrima superficie protexida como Rede Natura 2000 que ten Galiza (non chega ao 12% do seu territorio) e o desleixo que os gobernos competentes teñen manifestado de cara a ampliar esta Rede de Espazos Naturais Protexidos, incumprindo reiteradamente os requirimentos da UE, está favorecendo a implantación de proxectos eólicos incompatibles coa conservación da natureza en áreas ou espazos potencialmente merecedoras de ser incluídas na Rede Natura 2000 e mesmo en áreas que xa no seu día formaron parte de propostas formais de ampliación da Rede galega de espazos protexidos Natura 2000. O incumprimento por parte da Administración Pública do seu deber de ampliación da Rede Natura podería implicar nos vindeiros meses unha inxente perda irrecuperábel de hábitats e especies de especial interese comunitario, chaves na loita contra o cambio climático e esenciais para cumprir os obxectivos da UE en materia de biodiversidade de aquí a 2030, por mor da instalación de novos proxectos eólicos.

No caso que nos ocupa, a poligonal do P.E. Montelora proxéctase sobre áreas que foron incluídas na proposta de 2008 para formar parte da Rede Natura 2000 e que, polos motivos vertidos anteriormente, ficou sen aprobar. Porén, o feito de que estas áreas fosen propostas como parte da rede de espazos naturais protexidos dá conta da relevancia ecolóxica e ambiental da área de afectación e o seu papel como corredor ecolóxico que conectaría as zonas de especial conservación xa existentes. Así pois, a poligonal do P.E. Montelora afecta á potencial área de ampliación da Rede Natura 2000 como corredor ecolóxico entre os ZEC Cruzul-Agüeira, ZEC Ancares-Courel e ZEC A Marronda co ZEC Parga-Ladra-Támoga. De aprobarse este proxecto, tal ampliación de Rede Natura 2000 ficaría condicionada para o futuro, así como a creación do novo LIC ou ZEC, que en 2008 adquiría o nome de LIC Miño-Neira (ES1120019) (en verde sombreado na seguinte imaxe).



Superposición do parque eólico Montelora e a súa liña de evacuación sobre a proposta de ampliación de Rede Natura 2000 LIC Miño-Neira (ES1120019)

Ademais, na mesma zona están autorizados os parques eólicos Serra da Piñeira, Serra do Colmo, Pena do Pico, Serra do Furco, Chao do Marco, Serra da Lagoa, Reboiro, Serra do Punago, e polo tanto a posible autorización e instalación de todos os parques eólicos na zona afectaría gravemente á conservación dos valores ambientais desta zona e a súa futura protección.



Superposición do parque eólico Montelora e a súa liña de evacuación, xunto co resto de parques eólicos autorizados sobre a proposta de ampliación de Rede Natura 2000 LIC Miño-Neira (ES1120019)

SEXTA.- Sobre a inadecuada avaliación dos efectos acumulativos e sinérxicos.

Debemos resaltar que o PE Montelora podería supoñer a superposición de poligonais. Véxase aquí por exemplo as dificultades dos veciños e veciñas de delimitar e entender o grao de afección das respectivas poligonais doutros parques, ben autorizados, ben en tramitación, e como a densidade e grao de tecnicismo da documentación exposta limita o dereitos dos afectados e afectadas ao coñecemento, interpretación e valoración das consecuencias e afeccións derivadas da instalación de parques eólicos, eliminando de facto o acceso a unha información asumible en aplicación do principio antiformalista do trámite administrativo. Tal circunstancia incide expresamente na manifesta indefensión dos veciños e veciñas afectadas, dado a turbidez, amplitude e condensación documental, deriva o impedimento tácito ás afeccións da actuación obxecto de exposición pública, e por tanto, da limitación tácita dos seus dereitos que a administración debe impedir.

Véxase que as repetidas sentenzas xudiciais relativas a cláusulas bancarias abusivas inciden expresamente no necesario control de transparencia, -neses casos das cláusulas controvertida, dado que non se ofreceu aos prestatarios información suficiente polo que "no pudieron tomar conciencia de la carga jurídica y económica del contrato". Incidindo as referidas sentenzas en que:

En la jurisprudencia del TJUE han abordado esta cuestión las sentencias de 21 de marzo de 2013, asunto C-92/11, caso RWE Vertrieb ; 30 de abril de 2014, asunto C-26/13, caso Kásler y Káslerne Rábai ; 26 de febrero de 2015, asunto C- 143/13, caso Matei; y 23 de abril de 2015, asunto C-96/14, caso Van Hove. A tenor de estas resoluciones, no solo es necesario que las cláusulas estén redactadas de forma clara y comprensible, sino también que el adherente pueda tener un conocimiento real de las mismas, de forma que un consumidor informado pueda prever, sobre la base de criterios precisos y comprensibles, la carga jurídica y económica del contrato.

- A su vez, la jurisprudencia de esta sala (por todas, sentencia 367/2017, de 8 de junio y las que en ella se citan), con base en el art. 4.2 de la Directiva 93/13/CEE del Consejo, de 5 de abril de 1993, sobre las cláusulas abusivas en los contratos celebrados con consumidores (en lo sucesivo, la Directiva 93/13/CEE o simplemente, la Directiva) y los arts. 60.1 y 80.1 TRLCU, ha exigido también que las condiciones generales de los contratos concertados con los consumidores cumplan con el requisito de la transparencia. Este control de transparencia tiene por objeto que el adherente pueda conocer con sencillez tanto la carga económica que realmente le supone el contrato celebrado, esto es, el sacrificio patrimonial realizado a cambio de la prestación económica que quiere obtener, como la carga jurídica del mismo, es decir, la definición clara de su posición jurídica tanto en los elementos típicos que configuran el contrato celebrado, como en la asignación de los riesgos.

Mutatis mutandis, a liña argumental e xurídica, -neste caso do Tribunal Supremo, Sala do Civil (Nº de Recurso: 1216/2019 Nº de Resolución: 615/2022 Procedemento: Recurso de casación Relator: PEDRO JOSE VELA TORRES Tipo de Resolución: Sentencia Resolucións do caso: SAP B 361/2019, STS 3395/2022), pode trasladarse ao caso que nos ocupa, dado que a documentación dun proxecto de afección directa a persoas, vivendas, terreos particulares, vías de comunicación, fauna, canles fluviais, fontes, patrimonio,...debería cumprir coa transparencia que lles permitise coñecer de xeito sinxelo tanto a carga económica, social, ambiental e patrimonial que supón a actuación sometida a exposición pública, como a carga xurídica derivada del, para unha correcta interpretación dos riscos.

Ha de terse en conta que artigo 31 da Lei 8/2009, establece que as novas solicitudes non poderán solaparse, no momento da solicitude, con ningún parque eólico en explotación, autorizado pendente de construción ou en fase de tramitación administrativa, salvo que exista un acordo entre os titulares dos parques eólicos afectados.

Pois ben, no caso que nos ocupa, a poligonal do parque eólico Montelora ten unha superficie de 1785,53hA das cales 1113,40 hA están superpostas co parque eólico Serra da Piñeira (autorizado por resolución do 23 de abril de 2023), é dicir un 62,36% da poligonal do parque eólico está superposta co P.E. Serra da Piñeira.

E da mesma forma a liña de evacuación do parque eólico, crúzase ata un total de 6 veces coas liñas de evacuación dos parques eólicos da contorna, tal e como se expuxo nos puntos anteriores, sen que se teñan previsto estes cruces no proxecto.


En calquera caso, o proxecto básico verbo do que alegamos e, en particular, o estudo de impacto ambiental, non se acomete adecuadamente unha avaliación acaída de impactos acumulativos e sinérxicos, especialmente daqueles derivados da acumulación de parques eólicos e das súas liñas de distribución e transporte nun mesmo espazo (maior efecto barreira, impacto visual, ruídos, etc.).

Nun radio de 18 km da zona de implantación do Parque eólico Montelora atópanse actualmente en funcionamento ou autorizados os parques eólicos: Montes de Abella modificado, Serra da Piñeira, Serra do Colmo, Pena do Pico, Serra do Furco, Chao do Marco, Monteiro, Restelo, Serra do Punago,

Reboiro, Serra da Lagoa, Serra do Punago – Vacariza, Punago. Contabilizando unicamente os autorizados recentemente, o macrocomplexo eólico dos Ancares suporía 355,51MW, con 74 aeroxeneradores, a parte dos que xa están en funcionamento.

Ademais, están en tramitación o PE Latrisa, PE Navалlos, e o PE Levante tramitado polo Ministerio e que conta con DIA favorábel, o que da como resultado unha potencia en conxunto de máis de 503MW con 105 aeroxeneradores e todo o entramado de liñas de evacuación.

En total, xunto co PE Montelora, sumarían máis de 16 parques eólicos cuxos impactos se acumularían nun espazo territorial, de poboación e núcleos, económico, ambiental e patrimonial, que á vista do seu número e infraestruturas precisas, evidencian unha masiva acumulación, cun manifesto desequilibrio respecto da aplicación da distinta lexislación sectorial e do propio sentido común.



Conxunto de parques eólicos nun radio de 18Km ao PE Montelora, que foron autorizados ou están en tramitación con información pública nos últimos anos

Dada a proximidade física entre os proxectos e a súa afección aos mesmos espazos naturais, especies, patrimonio ou poboación, é precisa unha análise exhaustiva, ecosistémica e participada que garanta un modelo de desenvolvemento rural equilibrado da zona afectada, no sentido do disposto no artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, que establece que calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable ás especies ou hábitats dos

espazos da Rede Natura 2000 ou das zonas propostas para a súa inclusión en Rede Natura 2000, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no espazo, tendo en conta os obxectivos de conservación.

Malia que o proxecto Montelora poida considerar como baixo/medio o efecto sinérxico da concentración de todos estes parques eólicos e das súas liñas de evacuación nun espazo tan reducido, tanto sobre a vexetación e fauna -aves-, como sobre os espazos protexidos ou sobre o medio perceptual, nada máis fóra da realidade. Un total de 16 proxectos eólicos en 18 quilómetros de radio que superan no seu conxunto os 500 MW de potencia vai producir un efecto sinérxico severo e, incluso crítico, a todos os niveis: efecto barreira elevado, fragmentación irreparable de hábitats, afección á vexetación e á fauna, nas augas, nos corredores ecolóxicos, e no medio socioeconómico, onde, no canto ser “beneficioso”, implicará unha nova fuxida do rural ou éxodo da poboación habitante debido ás limitacións que estes proxectos industriais provocarán nas súas actividades tradicionais e a redución da súa calidade de vida e incluso as posibles consecuencias na súa saúde. O impacto visual e paisaxístico porá en risco, así mesmo, as capacidades de desenvolvemento turístico e cultural dos concellos afectados, que configuran a entrada ás emblemáticas montañas de Ancares e aos espazos naturais protexidos ZEC Ancares-Courel e ZEC Cruzul- Agüeira. Téñase en conta que no concello de Baralla se está iniciando o desenvolvemento de iniciativas turístico-ambientais como é o caso da recuperación e posta en valor da denominada vía Kunig, alternativa das vías tradicionais do Camiño de Santiago. A masiva concentración de infraestruturas de parques eólicos (20 nun radio de 18 km) e das anexas aos propios parques, supoñen unha limitación obxectiva á promoción de actuacións turísticas e ambientais de importante relevancia económica nesta zona rural do interior da provincia de Lugo. A administración autonómica debe velar polo equilibrio da implantación e construción de infraestruturas eléctricas e o mantemento da poboación nos núcleos do concello de Baralla, e a autorización de tal número de parques evidencia a necesidade de contar cunha planificación global do desenvolvemento eólico no territorio galego, no lucense e en consecuencia, no do noso concello, que non impida o desenvolvemento económico e social de Baralla pola saturación territorial de parques eólicos.

Pola súa banda, a Rede de Autoridades Ambientais (Subgrupo de coordinación de órganos ambientais na avaliación de impacto ambiental de proxectos de enerxías renovables), en documento de Alcance de estudo de impacto ambiental de Proxecto de Parque Eólico Terrestre, recomenda que se a solicitude administrativa está en tramitación, *“no caso de que o mesmo ou diferentes promotores soliciten autorización administrativa de varios parques cuxas evacuacións conflúan a unha mesma nova subestación ou requiran una mesma nova liña de conexión coa rede de transporte de REE preexistente, sempre que o órgano substantivo que deba tramitar e outorgar as respectivas autorizacións sexa o mesmo, para facilitar a avaliación dos efectos acumulados e sinérxicos recoméndase a súa tramitación simultánea, a elaboración dun estudo de impacto ambiental único para todos eles e solicitar a acumulación das correspondentes avaliacións de impacto ambiental nun único procedemento (artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). No caso de que os parques que comparten elementos de evacuación estean promovidos polo mesmo promotor, suxírese expor a súa autorización substantiva como un único proxecto.”*

Por outra banda, haberá que analizar se a viabilidade do Parque Eólico Montelora, e da súa liñas de evacuación dependen en boa parte da viabilidade, instalación e autorización doutros proxectos, subestacións e liñas de evacuación que non se avalían no presente expediente, ou viceversa. De existiren esa interdependencia non tería sentido nin sería acorde á normativa vixente someter a avaliación ambiental de forma desagregada e tramitar por separado a solicitude de autorización previa e de construción destes catro proxectos eólicos e das súas infraestruturas asociadas.

SÉTIMA.- En canto ás afeccións medioambientais do proxecto eólico Montelora.

O artigo 35 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, dispón o seguinte a respecto da información que debe conter o estudo de impacto ambiental:

Artigo 35. Estudo de impacto ambiental.

1. Sen prexuízo do sinalado no artigo 34.6, o promotor elaborará o estudo de impacto ambiental que conterá, polo menos, a seguinte información nos termos desenvolvidos no anexo VIN:

a) Descrición xeral do proxecto que inclúa información sobre a súa localización, deseño, dimensións e outras características pertinentes do proxecto; e previsións no tempo sobre a utilización do chan e doutros recursos naturais. Estimación dos tipos e cantidades de residuos xerados e emisións de materia ou enerxía resultantes.

a) Descrición das diversas alternativas razoables estudadas que teñan relación co proxecto e as súas características específicas, incluída o alternativa cero, ou de non realización do proxecto, e unha xustificación das principais razóns da solución adoptada, tendo en conta os efectos do proxecto sobre o medio ambiente.

c) Identificación, descrición, análise e, se procede, cuantificación dos posibles efectos significativos directos ou indirectos, secundarios, acumulativos e sinérxicos do proxecto sobre os seguintes factores: a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade, a xeodiversidade, o chan, o subsolo, o aire, a auga, o medio mariño, o clima, o cambio climático, a paisaxe, os bens materiais, o patrimonio cultural, e a interacción entre todos os factores mencionados, durante as fases de execución, explotación e no seu caso durante a demolición ou abandono do proxecto.

Incluirase un apartado específico para a avaliación das repercusións do proxecto sobre espazos Rede Natura 2000 tendo en conta os obxectivos de conservación de cada lugar, que inclúa os referidos impactos, as correspondentes medidas preventivas, correctoras e compensatorias Rede Natura 2000 e o seu seguimento.

Cando se comprobe a existencia dun prexuízo á integridade da Rede Natura 2000, o promotor xustificará documentalmente a inexistencia de alternativas, e a concorrencia das razóns imperioso de interese público de primeira orde mencionadas no artigo 46, apartados 5, 6 e 7, da Lei 42/2007, de 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

Cando o proxecto poida causar a longo prazo unha modificación hidromorfolóxica nunha masa de auga superficial ou unha alteración do nivel nunha masa de auga subterránea que poidan impedir que alcance o bo estado ou potencial, ou que poida supor unha deterioración do seu estado ou potencial, incluirase un apartado específico para a avaliación das súas repercusións a longo prazo sobre os elementos de calidade que definen o estado ou potencial das masas de auga afectadas.

d) Incluirase un apartado específico que inclúa a identificación, descrición, análise e se procede, cuantificación dos efectos esperados sobre os factores enumerados na letra c), derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou de catástrofes, sobre o risco de que se produzan devanditos accidentes ou catástrofes, e sobre os probables efectos adversos significativos sobre o medio ambiente, en caso de ocorrencia dos mesmos, ou ben informe xustificativo sobre a non aplicación deste apartado ao proxecto.

Para realizar os estudos mencionados neste apartado, o promotor incluírá a información relevante obtida a través das avaliacións de risco realizadas de conformidade coas normas que sexan de aplicación ao proxecto.

e) Medidas que permitan previr, corrixir e, no seu caso, compensar os posibles efectos adversos significativos sobre o medio ambiente e a paisaxe.

f) Programa de vixilancia ambiental.

g) Resumo non técnico do estudo de impacto ambiental e conclusións en termos facilmente comprensibles.

Pois ben, no caso que nos ocupa, debemos comezar por salientar que o Estudo de Impacto Ambiental obvia as indicacións do documento “Alcance de Estudio Ambiental de Proxecto de Parque Eólico Terrestre”, decembro de 2020, elaborado pola Rede de Autoridades Ambientais constituída a proposta da Comisión Europea e coordinada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. O mentado documento indica que se deben considerar e evitar alternativas polo menos cos seguintes criterios ambientais:

- Incompatibles coa planificación sectorial/territorial de enerxía ou cos instrumentos de ordenación do territorio e planificación do solo.
- En áreas onde se prexudiquen as estratexias de desenvolvemento local ou rural do territorio, ou deteriorenen a aptitude do medio rural para o restablecemento da poboación, ou sexan incompatibles con outras formas de desenvolvemento sostible susceptibles de xerar máis emprego e de fixar máis poboación no medio rural.
- Que provoquen un gran rexeitamento da poboación local e as súas institucións.
- De parques e subestacións a menos de 2 km de núcleos habitados, áreas con usos sensibles (residencial, sanitario, docente ou cultural) ou vivendas.
- De tendidos eléctricos de alta tensión a menos de 200 m de núcleos habitados ou a menos de 100 m de vivendas illadas.
- De parques eólicos en espazos pertencentes á Rede Natura 2000 e na súa inmediata contorna (1-5 km para ZECs/ LICs con quirópteros e 2-10 km para ZEPAs), e en espazos naturais protexidos de calquera tipo e áreas protexidas por instrumentos internacionais e as súas respectivas zonas periféricas de protección.
- De parques en áreas críticas de plans de conservación ou recuperación de especies ameazadas de flora ou fauna (aves e quirópteros).
- De parques e de tendidos aéreos sobre elementos de infraestrutura verde formalmente recoñecidos polo seu valor para a migración ou o movemento das aves ou quirópteros (corredores ecolóxicos entre espazos Natura 2000, zonas de concentración de fluxos migratorios ou zonas vitais para a mobilidade de especies crave), así como sobre outros elementos da paisaxe que sempre teñen función de conectividade para aves ou quirópteros: ríos, humidaís, coadores de montaña, bosques illa, refuxios ou outros focos de concentración.
- Do parque ou subestación que ocupen dominio público hidráulico (incluída a rede hidrográfica e os humidaís permanentes ou estacionais), zona de servidume, zonas inundables ou zonas de protección de captacións.
- Que ocupen montes de utilidade pública, vías pecuarias, outros bens de dominio público ou elementos declarados infraestrutura verde.
- En Lugares de Interese Xeolóxico.

- De parques, tendidos ou subestacións dentro ou na contorna de paisaxes naturais ou culturais protexidos, de áreas con obxectivos de calidade paisaxística incompatibles coa presenza dos parques, ou de áreas englobadas en catálogos de paisaxes singulares ou sobresaíntes.
- Con nivel risco de impacto ambiental fronte a accidentes graves ou catástrofes moi elevado.

Así mesmo, tanto a Xunta como o Estado español están tamén obrigados a cumprir os obxectivos marcados pola Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, por canto esta reza:

Artigo 2

- 1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.*
- 2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario.*

Artigo 6

- 1. Con respecto ás zonas especiais de conservación, os Estados membros fixarán as medidas de conservación necesarias que implicarán, no seu caso, adecuados plans de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e as apropiadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, que respondan as esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais do Anexo I e das especies do Anexo II presentes nos lugares.*
- 2. Os Estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación das zonas, na medida en que ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta a os obxectivos da presente Directiva.*
- 3. Calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito lugar. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 4, as autoridades nacionais competentes só se declararán de acordo con devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública.*

Considerando os criterios aludidos, a Xunta e o Estado español deben garantir o cumprimento dos obxectivos que en materia de conservación da natureza marca a normativa da Unión Europea, de efecto directo, o cal resulta especialmente relevante en canto ás seguintes eivas en materia medioambiental que se derivan do EIA relativo ao proxecto do parque de referencia:

1. O proxecto afecta a áreas propostas para a ampliación dos Espazos Naturais Protexidos pertencentes á Rede Natura 2000.

Aínda que a poligonal do proxecto non está dentro da rede de Espazos Naturais Protexidos, atópase próxima a áreas protexidas como Rede Natura 2000. O máis próximo é o ZEC ES1120007 Cruzul-Agüeira, a uns 6 km ao surlleste, seguido de ES1120001 Ancares-Courel, a uns 8 km en dirección sur, e a

ZEC ES 1120004 A Marronda, a uns 6 km en dirección leste. Xa máis afastado estaría o LIC ou ZEC ES1120003 Parga-Ladra-Támoga.

Porén, boa parte da zona de afección do parque eólico foi incluída na proposta de ampliación da Rede Natura 2000 no ano 2008, co goberno bipartito da Xunta de Galicia, dada a súa importancia como corredor ecolóxico entre as Zonas de Especial Protección xa existentes que se establecería seguindo a rede fluvial dos ríos Miño e Neira, de aí que esta área proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 fose denominada LIC ES1120019 Miño-Neira.

O modelo de protección da Rede Natura 2000 baséase na constitución dunha rede ecolóxica, o que implica o recoñecemento dos elementos necesarios para a súa vertebración, máis aló dos espazos LIC e ZEPA. A mellora da coherencia ecolóxica e a conectividade da Rede Natura 2000 mediante a conservación de corredores ecolóxicos e a xestión dos elementos da paisaxe e áreas territoriais esenciais ou de primordial importancia para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora, está expresamente regulado nos arts. 3.3 e 10 da Directiva 92/43 de Hábitats y en el art. 46 de la Lei 42/2007.

A Estratexia da UE sobre a Biodiversidade para 2030, publicada o 2 de maio de 2020, explicita entre os seus principais obxectivos o establecer unha rede coherente de espazos protexidos e un plan de recuperación da natureza da UE. Para o que expón a identificación e designación de novos espazos protexidos e corredores ecolóxicos e a ampliación dos espazos protexidos existentes.


Neste mesmo senso, en España aprobouse, en outubro de 2020, a Estratexia de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas, cuxo principal obxectivo é restaurar ecosistemas danados e consolidar unha rede de zonas naturais e seminaturais terrestres e mariñas totalmente funcionais e conectadas en España para o ano 2050.

É máis que evidente que un proxecto como o que nos atinxe aquí, e a súa conexión co resto de proxectos tramitados e situados na mesma zona xeográfica, oponse aos obxectivos de ambas estratexias.

2. O proxecto afecta a áreas protexidas a nivel internacional. Afectación severa á Reserva da Biosfera “Terras do Miño”.

O parque eólico Montelora afecta por tanto ao ámbito da Reserva da Biosfera “Terras do Miño”, declarada pola UNESCO. As reservas da biosfera son espazos recoñecidos polo Programa Home e Biosfera (MaB) da UNESCO nos que se promove un desenvolvemento sostible e a compatibilidade entre as actividades socioeconómicas das comunidades locais e a protección da natureza. Porén a implantación dun parque eólico industrial de tal envergadura na zona de proxección, eminentemente agraria e ateigada de núcleos de poboación, pon en risco a permanencia da poboación na zona, a continuidade da actividade agrogandeira e a conservación da paisaxe e a biodiversidade, elementos chave a conservar no programa MaB da UNESCO.

O parque eólico Montelora e a súa liña de evacuación atópanse integramente dentro da *Reserva da Biosfera “Terras do Miño”*, na “zona tampón” ou de amortecemento da Reserva da Biosfera “Terras do Miño”. Estas son zonas con especial densidade de poboación onde só se realizan actividades compatibles coa conservación da natureza e que serven para amortecer os impactos das accións humanas sobre as zonas núcleos. .



Zonificación da Reserva da Biosfera (en verde as zonas tampón, en azul as zonas núcleo, e en branco as zonas de transición).

Tal e como se ve na anterior imaxe unha grande parte das instalacións eólicas xa autorizadas sitúanse na zona tampón da reserva da biosfera. O informe sobre a viabilidade das instalacións eólicos, fotovoltaicas, e termosolares, incluído o repotenciamento e infraestruturas asociadas nos territorios declarados Reservas da Biosfera en España, elaborado polo Consello Científico do Comité Español do Programa M&B da UNESCO¹, considera a necesidade de establecer as zonas tampón como zonas de exclusión para a implantación de enerxías renovábeis, ademais das zonas núcleo.

A implantación dun parque eólico industrial nesta área podería facer perder a esta área de afección tal zonificación, incluso podería supoñer a retirada da figura de protección da UNESCO.

3. O proxecto afecta a fauna En Perigo de Extinción, Vulnerable e incluída no LESRPE.

Na zona de afección do parque aparecen referidas especies En Perigo de Extinción: 1 mamífero (*Ursus Actos*) e 2 invertebrados (*Austropotamobius pallipes*, *Margaritifera margaritifera*) e 1 ave (*Milvus milvus*).


Especies incluídas dentro da categoría Vulnerable, incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, que corresponden a: 3 anfíbios (*Anguis fragilis*, *Discoglossus galganoi*, *Lacerta lepida*), 1 reptil (*Salamandra salamandra*) e 2 aves (*Circus pygargus* e *Circus cyaneus*), ambas na categoría Vulnerable no Catálogo Español de Especies Ameazadas.

¹ http://rerb.oapn.es/images/PDF_publicaciones/informe_renovables_CC_2023.pdf

Tamén afecta a 70 especies incluídas no Listado de Especies en Réxime de Protección Especial do Catálogo Español de Especies Ameazadas: 1 peixe (*Chondrostoma arcasii*); 2 anfibios (*Anguis fragilis*, *Discoglossus galganoi*), 4 réptiles (*Lacerta lepida*, *Lacerta schreiberi*, *Timon lepidus*, *Triturus marmoratus*); 2 mamíferos (*Canis lupus*, *Lutra lutra*) e ata 61 aves!!!.

Amais das aves sinaladas no EsIA, conséntase a existencia doutras aves presentes na zona que non foron referidas como especies en réxime de protección especial, como son: *Aegithalos caudatus*, *Lophophanes cristatus*, *Cyanistes caeruleus*, *Cyanistes caeruleus*, *Phylloscopus collybita/ibericus*, *Pyrrhula pyrrhula*, e outras que non están incorporadas á listaxe do EsIA.

O proxecto afectaría gravemente ao Millafre real (*Milvus milvus*), en perigo de extinción segundo o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA), e o Catálogo Nacional de especies Ameazadas (CNEA). Toda a poligonal do parque eólico Montelora sitúase dentro da zona de campeo de varios durmidoiros, considerando 12,5Km⁽²⁾ dende os durmidoiros existentes, segundo os datos obtidos no censo invernal de millafre real realizado pola Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO). As instalacións do parque eólico Montelora localízanse entre 6 e 8Km do durmidoiro denominado Río Seteventos incluído no censo do 2023-24 da SGO. Este feito contribúe ao incremento do risco de colisión desta especie. No seguinte mapa localízanse os durmidoiros incorporados no censo (punto hexagonal), así como a franxa de 12,5Km de campeo e forraxeo ao redor do durmidoiro.



2 Tómase este dato como referencia segundo o indicado no informe do 2/11/2023 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural incluído na Declaración de Impacto ambiental do parque eólico Acevedal (CLAVE: 2019/0138)

O durmidoiro soamente é unha parte da ecoloxía espacial da especie. Logo, durante o día os bichos distribúense polo territorio en busca de alimento, podendo percorrer grandes distancias. Do seguimento invernal realizado para esta especie pola SGO, despréndese que a área de campeo actual da poboación de millafre real distribúese por amplas zonas das provincias de Lugo e Ourense, coincidentes con áreas de media montaña e paisaxes preferentemente de campiña arborada. Precisamente estas áreas son as máis afectadas pola proliferación actual no noso territorio de proxectos eólicos e LATs asociadas aos mesmos. De levarse a cabo este proxecto, esta incipiente poboación invernante podería verse moi afectada³.

No estudo preoperacional presentado polo promotor do PE Serra de Punago, próximo ao PE Montelora, constan as seguintes observacións:

A lo largo de las 11 visitas efectuadas para la realización de estaciones de observación de rapaces, córvidos o grandes planeadoras se han detectado 50 aves de 7 especies diferentes: 23 cornejas negras (Corvus corone), 11 cigüeñas blancas (Ciconia ciconia), 8 busardos ratoneros (Buteo buteo), 3 cuervos grandes (Corvus corax), 2 halcones peregrinos (Falco peregrinus), 2 gavilanes comunes (Accipiter nisus) y 1 aguililla calzada (Hieraaetus pennatus). Ninguna de estas especies figura en el Catálogo Gallego de Especies Amenazadas (CGEA) o en Catálogo Español de Especies Amenazadas (CEA).

Durante los trabajos de caracterización de los hábitats presentes en la zona de estudio se detectó la presencia de un macho de aguilucho cenizo (Circus pygargus) cazando en un pastizal situado 450 metros al norte del emplazamiento de la torre meteorológica 7, aunque no se han producido más avistamientos de esta especie en el entorno del Parque eólico.

Por tanto, o parque eólico Montelora estaría no punto central de conexión entre tres destas áreas prioritarias para a avifauna.

En canto aos mamíferos, pódese localizar na zona de afección o desmán ibérico (*Galemys pyrenaicus*) cualificado como “Vulnerable” nos catálogos galego e español e o lobo (*Canis Lupus*) a lontra (*Lutra lutra*), incluídos no LESRPE. E tamén se atopa referido nesta área de distribución o oso pardo (*Ursus Actos*), especie catalogada como En Perigo de Extinción.

Así pois, o parque eólico Montelora podería afectar de forma severa a diversas especies En Perigo de Extinción, distintas especies vulnerables e máis de 70 especies incluídas no LESPE.

4. En canto aos prexuízos sobre o lobo.

O estudo de impacto ambiental do proxecto non incorpora a avaliación das afeccións do proxecto sobre esta especie, atendendo ao seu novo status legal como especie protexida, segundo a Orde TED/980/2021, de 20 de setembro, pola que se modifica o Anexo do Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo de Especies Ameazadas (BOE, Núm 226, de 21 de setembro). Porén, o proxecto afecta, na súa meirande parte, a unha zona 1, clasificada así polo Plan de Xestión do Lobo de Galicia, aquelas áreas prioritarias para aplicar e fomentar medidas de prevención de danos producidos polo lobo, por tanto son as zonas nas que a presenza do lobo ibérico é máis probable. Na área de estudo prevense zonas de encame e puntos de encontro da especie, que se verán alterados pola totalidade das infraestruturas eólicas que fragmentan os hábitats desta especie con marcado carácter territorial.

³ Conclusións do censo invernal de millafre real 2022-23 da SGO.
https://sgosgo.org/images/files/Informe_censo_millafre_real_2022-23_difusin.pdf

Por outra banda, o Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979, inclúe o lobo no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”, constando as prohibicións correspondentes no seu art. 6.

O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.

Por outra banda, o parque eólico Serra da Piñeira afecta á Zona de Importancia para os Mamíferos ZIM Río Neira.

OITAVA.- O proxecto ten un impacto significativo sobre a paisaxe.

No EsIA non se consideran as graves afeccións á paisaxe que se derivarían da efectiva implantación do proxecto eólico de referencia, nin o impacto das mesmas sobre o desenvolvemento local, e non se ten en conta o efecto saturador derivado da acumulación de proxectos solicitados, en tramitación ou autorizados. A zona de afectación atópase na Gran Área Paisaxística de Chairas e Foxas Luguesas, segundo o Catálogo de Paisaxes de Galiza, caracterizada por ser unha zona de aproveitamento agrogandeiro e agroforestal e moi ligadas á economía local.

A paisaxe, tal e como recolle Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia, é un elemento esencial no benestar e calidade de vida das persoas, formando parte do noso patrimonio natural e cultural. Debe lembrarse que o Estado español, por outra banda, ratificou o Convenio Europeo da Paisaxe, establecido en Florencia o 20 de outubro de 2000 (ratificación publicada no BOE nº 31, de 5 de febreiro de 2008).

No relativo ao impacto paisaxístico e a análise de visibilidade, o proxecto eólico de referencia apunta a unha exposición visual alta desde as estradas e poboacións da zona. Os aeroxeradores acadarían 223 m de altura desde a base a punta de pala, polo que, ao contrario do que afirma o promotor, estes serán percibidos a máis distancia do que se indica no documento.

Nun radio de afección do parque eólico Montelora existen tres miradores, sendo especialmente impactante, como dixemos, a visibilidade desde o mirador de “Pena Maior”, e faltando por avaliar o impacto desde os miradores Pradario-Serra do Miradoiro e A Media-Triacastela. E tamén falta por avaliar a visibilidade do proxecto eólico desde os espazos naturais protexidos máis próximos: ZEC Ancares-Courel, ZEC Cruzul-Agüeira, ZEC A Marronda e desde as áreas de especial interese paisaxístico AEIP “Cruzul-Agüeira” e desde a AEIP “A Marronda, O Ribón e Monte Grande”.

Son numerosos os puntos de observación desde onde os aeroxeradores e as súas infraestruturas asociadas poden ser observados por completo, nomeadamente polas entidades de poboación que se atopan dentro do polígono e nas súas proximidades, nun radio de 5 km.

NOVENA. Sobre as afeccións á saúde. Proximidade das infraestruturas proxectadas a asentamentos humanos e de animais

O art. 39.2 da Lei autonómica 18/2021 ampliou o réxime de distancias aos núcleos de poboación ata 5 veces a altura dos aeroxeradores, modificando a disp. adic. 5ª da Lei autonómica 8/2009 <<como medio *para asegurar a compatibilidade do desenvolvemento eólico coa ordenación do territorio e o urbanismo*>>, obxectivo tralo que subxace a protección da saúde humana -e animal- fronte ás perturbacións xeradas por este tipo de infraestruturas.

Tendo en conta tal motivación, resulta claramente insuficiente a distancia de 500 metros ao que se pretende acoller as instalacións do presente parque eólico, resultando cuestionable que se poida amparar no suposto previsto na disp. trans^a 7^a da Lei 8/2009, toda vez que a documentación técnica que se somete a exposición pública é froito de distintas emendas -modificacións substanciais, requirimentos da D.X. de Planificación Enerxética- que traen como resultado que o obxecto da solicitude (descrito no proxecto) se concrete en data moi posterior ao 01.01.2022 (data de entrada en vigor da Lei 18/2021, á que se refire a mencionada disposición transitoria).

Por tal razón consideramos que os aeroxeradores deste parque se deberan afastar unha distancia non inferior a 5 veces a altura dos aeroxeradores, equivalente a 1115 metros ($5 \times (154+69)$), distancia que non garda ningún dos aeroxeradores, como se pode apreciar no plano que se anexa:

- aerox. L9-01, respecto dos núcleos rurais de Saa e Sobrerriba (concello de Láncara), así como a outros asentamentos menores de vivendas existentes no mesmo concello non delimitados no planeamento (grupo de vivendas ao oeste do núcleo de Vilaesteva).

- aerox. L9-02, respecto dos núcleos de Saa, Sobrerriba e Montelora (concello de Láncara), así como a outros asentamentos menores de vivendas existentes no mesmo concello non delimitados no planeamento (asentamento de Rebordelo, recoñecido no Plan Básico autonómico -anexo VII- e grupo de vivendas ao oeste do núcleo de Vilaesteva).

- aerox. L9-03, respecto dos núcleos de Saa, Sobrerriba e Montelora (concello de Láncara), así como ao asentamento de Rebordelo, recoñecido no Plan Básico autonómico (anexo VII).

- aerox. L9-04, respecto dos núcleos de Sobrerriba, Montelora e Piñeiroá (no concello de Láncara) e o de Vale (no concello de Baralla), así como a unha explotación gandeira existente a uns 220 m. ao noroeste do núcleo de Montelora.

- aerox. L9-05, respecto dos núcleos de Sobrerriba, Montelora, Piñeiroá e Castrodelo (no concello de Láncara) e o de Vale (no concello de Baralla), así como a unha explotación gandeira existente a uns 220 m. ao noroeste do núcleo de Montelora.

- aerox. L9-06, respecto dos núcleos de Piñeiroá e Castrodelo (no concello de Láncara) e os de Vilameixe, Vilar de Francos e San Cibrao (no concello de Baralla, delimitados no PXOM aprobado inicialmente), así como a un asentamento de vivendas, -tamén en Baralla-, sen delimitar, existente a uns 130 m ao oeste de Vilameixe.

- aerox. L9-07, respecto do núcleo de Castrodelo (concello de Láncara), e dos de Pol de Soutiño (delimitado nas NSP de Baralla), Vilameixe, Vilar de Francos e San Cibrao (delimitados no PXOM de Baralla aprobado inicialmente), e doutros asentamentos de vivendas sen delimitar, -tamén en Baralla-, como son o de Francos -recoñecido no Plan Básico autonómico, anexo VII- e o existente a uns 130 m ao oeste de Vilameixe.

- aerox. L9-08, respecto dos núcleos de Pol de Soutiño (delimitado nas NSP de Baralla), Vilar de Francos e San Cibrao (delimitados no PXOM de Baralla aprobado inicialmente), e doutros asentamentos de vivendas sen delimitar, -tamén en Baralla-, como son o de Francos e o existente a uns 130 m ao oeste de Vilameixe.

Algúns destes núcleos se atopan especialmente afectados por atoparse no medio da área de influencia dos parques de Montelora e de Serra de Piñeira, como son os núcleos rurais de Vale, Pol, Pol de Soutiño, Vilameixe e Aranza, -no concello de Baralla-, e o de Vilaesteva, no concello de Láncara, todos eles a distancias entre 750 e 1400 m. respecto de ambos parques.

Non menos importantes son os riscos para a saúde humana e animal que se derivan da proximidade da liña de evacuación proxectada respecto de varios núcleos de poboación, así como vivendas e explotacións existentes nas proximidades do trazado. As liñas de alta tensión emiten campos electromagnéticos ao seu arredor, existindo indicios razoables e significativos no incremento

do risco de padecer cancro como consecuencia da exposición prolongada que puideran as persoas en vivendas e outras edificacións (centros de traballo,...) existentes nas proximidades.

A normativa española segue sen establecer unhas distancias suficientes para preservar das posibles afeccións sanitarias derivadas da exposición continua a campos electromagnéticos de baixa frecuencia como os que irradian as liñas de alta tensión, malia aos distintos chamados do propio Ministerio español a regular este aspecto tan transcendente, sen responder á preocupación social ao respecto, nin ter en contas os estudos que se teñen ido producindo nas últimas décadas sobre esta cuestión e aos avances legislativos que moitos países da nosa contorna teñen dado neste eido.

Varios informes científicos que serviron de base a estes avances (*informe Karolinska- Suecia, 1992; Residential exposure to 60-Hertz magnetic fields and adult cancers in Taiwan. Epidemiology 8:25-30, 1997,...*), evidenciaron o incremento da incidencia de sufrir leucemia situadas a menos de 100 metros das liñas de alta tensión.

Estudos posteriores revelaron a necesidade de aumentar estas distancias, formulándose por distintas institucións (Fundación Europea de Bioelectromagnetismo, Instituto de Bioelectromagnetismo Alonso de Santa Cruz ,...) o establecemento dunha **distancia mínima de seguridade de 1 metro por cada kilovoltio de tensión da liña**, o que no presente caso supón respectar unha distancia de 132 m. a cada lado da liña proxectada (220 kV de tensión nominal). Tal criterio foi adoptado en varias normativas europeas e mesmo por algunhas administracións españolas (concello de Jumilla), tendo presente o **principio de precaución** que debe rexer en calquera problemática incidente na saúde pública.

Como se pode apreciar no plano anexo, **a LAT de evacuación do parque Montelora proxéctase en varios puntos do seu trazado moi próxima a asentamentos de poboación e a vivendas illadas e outras edificacións**, o que constitúe un **risco evidente para a saúde**: Concretamente, a liña proxéctase próxima ao núcleos rurais de Furís de Arriba, Furís de Abaixo, Pereira, Arrubial no Concello de Castroverde; Ansareo, Carballedo, San Xusto, Pousada -no Concello de Baralla; mesmo nalgúns casos por debaixo da distancia anteriormente indicada (132 m.), como acontece nos núcleos de Furís de Arriba (delimitación do núcleo a 140,53 m. da liña), Furís de Abaixo (delimitación a 116,46 m. da liña), -e mesmo con naves de estabulación exteriores ao núcleo distanciadas menos de 50 metros da liña-, de varias vivendas no lugar de San Xusto (a 101,96 m).

En relación coa problemática comentada, **na documentación sometida a autorización bótase en falta unha análise rigorosa da incidencia da infraestrutura proxectada na saúde da poboación e da cabana gandeira** que residen e desenvolven as súas actividades na contorna próxima.

A ausencia dun **estudo sobre a repercusión do parque eólico na saúde humana e animal** constitúe unha eiva de cuxa corrección non cabe dispensar, resultando esixible como **parte do estudo de impacto ambiental** (art. 35.1.c) da Lei 21/2013), sendo consubstancial ao principio de prevención que rexe nesta materia, avalado por distintas normas:

- a Constitución Española, no seu art. 43, reconece o **dereito á protección da saúde**, atribuíndo aos poderes públicos a súa tutela.

- o principio de prevención inspira todo o dereito positivo en materia de saúde (entre outras a lei estatal 14/1986 -arts. 3.1, 6.3, **8**, 18.2, **24**, D.A.6ª, ... -; a lei estatal 16/2003 (arts. 2.d), 11.2, ...; a lei autonómica 8/2008 -arts. 32.3, 34.12, 38, 61.2-). De acordo co mencionado art. 24 da Lei estatal 1986,

<<Las actividades públicas y privadas que, directa o indirectamente, puedan tener consecuencias negativas para la salud, serán sometidas por los órganos competentes a limitaciones preventivas de carácter administrativo, de acuerdo con la normativa básica del Estado>>.

- <<Os instrumentos de ordenación do territorio ... deberán conter unha análise dos riscos naturais e antrópicos aos que se expón o territorio do seu ámbito de influencia, e deberán estes terreos expostos quedar excluídos do proceso urbanizador e, en todo caso, dos usos polos que poidan verse afectados persoas ...>>- Determinación 3.1.14 das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (Decreto 19/2011).

Así mesmo, ven ao caso lembrar que *<<Con carácter xeral a implantación dunha iniciativa empresarial poderá esixir, en función das afeccións que se deriven da súa implantación física no territorio, cando así o estableza a normativa sectorial vixente, a emisión con carácter preceptivo de un ou varios dos seguintes informes: ...*

f) O informe do órgano competente en materia de saúde pública, nos supostos dunha posible afección significativa ás condicións de saúde da cidadanía.>> -art. 23.1.f) da Lei autonómica 9/2001.

Consonante ao anterior, considéranse inescusables a incorporación dunha **avaliación da incidencia do parque eólico sobre a saúde humana, así como a emisión de informe sobre o mesmo polo órgano autonómico competente en materia de saúde pública** aos efectos de garantir a inocuidade do mesmo para a poboación humana que se poida ver afectada.

DÉCIMA.- Grave afectación ás explotacións agro-gandeiras e forestais.

Non se xustifica no proxecto o interese público e prevalente que podería ter o proxecto sobre outros intereses públicos confluíntes na zona. Tampouco se achega ao expediente ningún documento que certifique a aceptación inequívoca e regulamentaria do proxecto eólico por parte das comunidades afectadas.

Tamén se ha de resaltar, que a zona de protección eólica que se establece arredor de cada aeroxerador e nas zonas de servidume das demais infraestruturas esixirá aos propietarios forestais, nomeadamente, manter limpo e sen arboredo tales perímetro sen que esas perdas produtivas se teñan que ver oportunamente compensadas, o que ocasionará un prexuízo insalvable para a veciñanza afectada.

Montes de utilidade pública afectados polo parque eólico.

O Estudo de Impacto Ambiental non analiza o impacto, económico e social, sobre os montes e as explotacións agrogandeiras na área de afección do proxecto. Cómpre poñer de manifesto que dita eiva resulta singularmente significativa e grave, toda vez que os rendementos agrogandeiros e madeiros constitúen a súa principal fonte de ingresos para as economías das familias locais, podendo conlevar a efectiva implantación do proxecto de parque eólico unha afección severa para moitas explotacións gandeiras e forestais.

A instalación dos aeroxeradores, das súas infraestruturas de evacuación e dos distintos accesos e viais implicará neste ámbito unha serie de consecuencias directas de grande relevancia: fragmentación das explotacións, perda de base territorial, perda de ingresos das familias, ou perda de ingresos na cadea de valor dos sectores e subsectores afectados (empresas de silvicultura, serradoiros, carpinterías, de transformación, etc.).

Tal e como recolle a Lei 7/2012, de Montes de Galicia, o monte é un sector estratéxico da economía galega que contribúe a mitigar o cambio climático. O demérito que dende esta perspectiva se producirá, no caso de instalarse un parque eólico da dimensión pretendida, queda fóra de calquera dúbida razoable.

Cabe facer unha especial consideración ás repercusións que esta fragmentación e ocupación de predios agrarios e forestais (por infraestruturas industriais) terán sobre aquelas explotacións agro-forestais que se adscriben aos obxectivos da Política Agraria Común (PAC) e que están dentro da poligonal do parque, xa que a súa viabilidade económica pode verse seriamente comprometida, habendo conta de que o solo pasará a ter consideración de solo rústico de protección de infraestruturas, é dicir, pasará a ter un carácter eminentemente industrial.

Por outra banda, malia que o proxecto poida realizar unha estimación da enerxía que podería producir, ningunha das familias dos municipios afectados se beneficiará directamente desta produción eléctrica, xa que non se agarda ningún tipo de compensación ou bonificación na factura da luz. E as compensacións que a empresa puidera destinar á comunidade afectada son irrisorias, en comparación cos ingresos que prevé ter anualmente.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Ausencia de análise de riscos sobre a seguridade das persoas: alta sismicidade da zona de estudo, desprendementos de xeo e alta incidencia incendiaria.

A zona de estudo atópase sobre a falla de Baralla, e a carón do triángulo sísmico Becerreá-Triacastela-Sarria, que constitúe un foco sísmico dos de maior actividade en todo o noroeste da Península Ibérica e que ao longo das últimas tres décadas rexistrou nesta zona máis de 250 tremores de terra.

Segundo expertos en xeoloxía e xeofísica das Universidades de Oviedo e do CSIC de Barcelona⁴, a caracterización da sismicidade nesta zona é “significativamente elevada e anómala dentro do contexto rexional, non é facilmente asociable a ningunha estrutura xeolóxica e a información sísmica previa é moi reducida”.

TREMORES DE TERRA MÁIS IMPORTANTES NOS CONCELLOS DE BARALLA E BECERREÁ						
Data	Lat	Lon	Prof.	Mag.	Int	Localización
			(km)			
16/01/1979	428.883	-71.517	80.0	3.6	VI	N BECERREÁ.LU
18/12/1979	428.883	-71.633	20.0	4.2	VI	N BECERREÁ.LU
30/11/1995	428.367	-72.350	13.0	3.8	IV-V	S BARALLA.LU
30/11/1995	428.250	-72.083	12.0	3.6	III	SW BECERREÁ.LU
30/11/1995	428.300	-72.317	7.0	3.5		SW BECERREÁ.LU
01/12/1995	428.283	-72.167	10.0	3.6	III-IV	SW BECERREÁ.LU
20/12/1995	428.433	-72.733	5.0	3.5	III	SW BARALLA.LU
24/12/1995	428.533	-72.167	13.0	3.5	II-III	W BECERREÁ.LU


⁴https://www.google.com/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=&cad=rja&uact=8&ved=2ahUKEwic7MXx0uT6AhU9h_0HHUJUCJ84ChAWegQIHBAB&url=https%3A%2F%2Fsge.usal.es%2Farchivos%2Fgeogacetas%2FGeo36%2FArt13.pdf&usg=AOvVaw01PVDp4aNi9jeeiL76lqJH

24/12/1995	428.350	-72.533	9.0	4.0	III-IV	S BARALLA.LU
24/12/1995	428.183	-72.100	13.0	3.5	III-IV	SW BECERREÁ.LU
24/12/1995	428.600	-73.150	15.0	4.6	VI	SW BARALLA.LU
24/12/1995	428.367	-72.400	9.0	3.8	III-IV	S BARALLA.LU
26/01/1996	428.333	-72.367	2.0	3.2	III-IV	SW BECERREÁ.LU
27/01/1996	428.250	-72.183	9.0	2.8	III-IV	SW BECERREÁ.LU
04/04/1996	428.450	-72.533	9.0	3.5	III	S BARALLA.LU
12/08/1996	428.450	-71.950	5.0	3.2	III-IV	SW BECERREÁ.LU
29/10/1996	428.300	-72.283	0.0	4.1	V	SW BECERREÁ.LU
03/02/1997	428.350	-72.733	8.0	3.6	IV	SW BARALLA.LU
04/02/1997	428.567	-72.950	17.0	3.9	IV	SW BARALLA.LU
19/03/1997	428.550	-72.383	4.0	3.2	III-IV	S BARALLA.LU
22/05/1997	428.217	-72.083	9.0	3.6		SW BECERREÁ.LU
22/05/1997	428.400	-72.883	6.0	3.5		SW BARALLA.LU
22/05/1997	428.467	-72.200	9.0	3.8		W BECERREÁ.LU
22/05/1997	428.483	-72.933	17.0	4.9		SW BARALLA.LU
22/05/1997	428.367	-72.533	13.0	3.6		S BARALLA.LU
22/05/1997	428.267	-72.583	7.0	3.6		S BARALLA.LU
23/05/1997	428.433	-72.533	8.0	3.9		S BARALLA.LU
24/05/1997	428.183	-71.950	14.0	3.5	II-III	SW BECERREÁ.LU
24/05/1997	428.300	-72.417	12.0	3.4	III-IV	S BARALLA.LU
04/06/1997	428.233	-71.600	16.0	3.5	III	S BECERREÁ.LU
28/06/1997	428.433	-72.783	4.0	3.7	II	SW BARALLA.LU
17/07/1998	428.135	-72.188	10.8	3.6	IV	SW BECERREÁ.LU
01/08/1999	428.131	-72.042	10.2	3.3	IV	SW BECERREÁ.LU
01/01/2013	428.513	-72.720	10.0	3.5	III	SW BARALLA.LU

Ante esta particularidade, empírica e cientificamente constatada, conclúese no EsIA que o emprazamento atópase nunha zona con perigosidade sísmica baixa, polo que a probabilidade de ocorrencia dun terremoto de magnitude significativa considérase baixa (Pax. 10 do Anexo XII). Porén, o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA) cualifica o risco sísmico no concello de Becerreá como “alto”. Consecuentemente, o proxecto eólico adquire unha maior perigosidade para o medio ambiente e as persoas, atendendo á elevada actividade sísmica da zona.

Malia que as maiores crises sísmicas aconteceron a mediados dos anos 90, onde aconteceron eventos sísmicos de maior magnitude, non debemos desatender que o proxecto Eólico se pretende instalar nunha zona de elevada actividade sísmica. Este factor constitúe un risco de especial relevancia para proxectos industriais deste tipo, que en caso dunha elevada actividade sísmica, podería verse erosionada ou deteriorada significativamente a calidade técnica e a seguridade das súas instalacións. Os propios aeroxeradores que se pretenden colocar poderían verse afectados pola actividade sísmica da zona, de xeito que algúns dos seus compoñentes acabarían erosionados e danados, incluso co risco, de acabar precipitados ladeira abaixo. Este suposto podería ter consecuencias catastróficas ambientais e humanas.

Segundo expertos en xeoloxía e xeofísica das Universidades de Oviedo e do CSIC de Barcelona, a caracterización da sismicidade nesta zona é “significativamente elevada e anómala dentro do contexto rexional, non é facilmente asociable a ningunha estrutura xeolóxica e a información sísmica previa é moi reducida”.



Ante esta particularidade, empírica e cientificamente constatada, debería ser de obrigada incorporación ao Estudo de Impacto Ambiental do presente proxecto unha análise avaliativa, non só do impacto do proxecto sobre o medio xeolóxico, senón tamén un análise de risco do potencial efecto do proxecto eólico sobre o medio ambiente e as persoas, atendendo á elevada actividade sísmica da zona.

Por outra parte, o risco de caída de placas de xeo arredor dos muíños eólicos é un factor que determina a seguridade das persoas que habitan próximas ao parque, pois en función das condicións meteorolóxicas e a velocidade de xiro das turbinas, o desprendemento ou esvaramento o de bloques de xeo desde as pas das turbinas poderían derivar en consecuencias catastróficas. Neste senso, non se establecen distancias de seguridade entre os aeroxeradores e os lugares ou vivendas poboadas, nin outras medidas de mitigación ou prevención. Resaltamos de novo aquí a precaria situación de seguridade á que se enfrontan os receptores máis sensibles do proxecto.

En canto aos riscos asociados aos incendios forestais, aínda que Baralla non aparece como concello declarado Zona de Alto Risco de Incendio no Plan de Prevención e defensa contra os incendios forestais (PLADIGA) para o ano 2022, o proxecto eólico atópase nunha área de alto risco incendiario, se recorreremos a outras fontes informativas.

Segundo o Sistema Europeo de Información sobre Incendios forestais (EFFIS), creado pola Comisión Europea, e consultable na aplicación do historial de incendios Copernicus, o proxecto eólico de referencia sitúase nunha área considerada como de “Alto Risco de Incendio”.

Así mesmo, é realmente preocupante a instalación tanto dos aeroxeradores como os demais elementos complementarios do proxecto no medio de zonas plantadas con monocultivo do eucalipto, especie pirófita ou “amiga” do lume, que podería agravar considerablemente a situación de incendios en caso de producirse.

É sabido que as turbinas eólicas, por defectos mecánicos, sobrecargas eléctricas ou por efectos erosivos do paso do tempo, poden ocasionar incendios nas propias máquinas que poden ocasionar desprendementos das pas e, mesmo, espallamento das chamas que poderían derivar en incendios

forestais. Neste senso, tampouco nada se avalía nin determina no estudo ambiental do proxecto de referencia.

En base ao anteriormente exposto,

SOLICITO:

1.- Que tendo por presentadas estas alegacións, se lles dea o trámite oportuno e, en virtude do exposto, se proceda a resolver negativamente os procedementos de solicitude de autorización administrativa previa, o estudo de impacto ambiental en relación co proxecto parque eólico Montelora e da súa infraestrutura eléctrica de evacuación, nos concellos de Láncara, Baralla, Castroverde e Baleira (expediente IN408A 2017/009), considerando a tal efecto as afeccións ambientais concorrentes, así como o resto de consideración manifestadas no presente escrito.

Baralla, a 19 de decembro de 2024

Asdo. electronicamente